



Programa Bolsas “Novos Talentos”

bases do programa
curso 23-24

abril 2023

Introdución

VIAQUA XESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U. (en diante VIAQUA) organiza o programa de Bolsas "Novos Talentos" baixo impulso e coordinación da Dirección de Acción social do Grupo Agbar, grupo empresarial do que a empresa forma parte (en diante, ambas referidas como "a Organización"), destinado a fomentar o desenvolvemento formativo universitario de mozos e mozas cun alto rendemento escolar, pero cun contorno económico complexo que lles pode dificultar, ou mesmo impedir, o acceso á universidade.

A concesión da bolsa non só propiciará a cobertura económica dos estudos destes "Novos Talentos", senón que tamén permitirá traballar un desenvolvemento integral, acompañándoos/as durante o proceso universitario.

1. Introducións e requisitos

As Bases que rexerán a presente convocatoria das Bolsas "Novos Talentos" para o curso 2023-2024 (no sucesivo, as "Bases") son as seguintes:

1.1. Os programas e axudas incluídos nesta convocatoria consisten en:

Unha (1) bolsa para estudos de grao universitario, preferentemente en disciplinas do coñecemento: Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería, Arte e Matemáticas (STEAM).

Financiará o 100% do importe anual da matrícula que non fose cuberto pola bolsa solicitada ao Ministerio de Educación e Formación Profesional para os estudos de grao universitario, e o 100% das taxas derivadas desta.

Mentres a persoa que percibe a axuda no reciba a resolución do Ministerio, a bolsa "Novos Talentos" asumirá o 100% da matrícula.

Ademais, o programa cubrirá os gastos directos relacionados co estudo ata un límite máximo de 1.500 € para cada curso.

Como parte do programa da bolsa realizarase tamén un acompañamento pedagóxico, socioeducativo e psicosocial a cargo dunha entidade social proposta por VIAQUA e 3 sesións grupais *online* coa finalidade de potenciar o desenvolvemento motivacional e competencial.

1.2. Poderán ser beneficiarias das axudas das Bolsas "Novos Talentos" as persoas que:

- sendo estudantes do último curso, accedan por primeira vez a estudos de grao universitario, preferentemente dos ámbitos STEAM indicados.
- cuxa media das súas cualificacións de bacharelato, ou ben de ciclos formativos, sexa superior a 8,5¹.

¹A Organización resérvase o dereito de modificar esta nota á baixa en caso de que a convocatoria quede deserta.

- residan ou estuden no Concello de Santiago de Compostela.
- soliciten acceso a universidades públicas localizadas Galicia.
- realízen o trámite de solicitude de Bolsa para estudo de grao do Ministerio de Educación e Formación Profesional para o curso 23-24.
- sexan titulares dunha conta bancaria².

1.3. O proceso de selección consta das seguintes fases:

A. Fase de difusión do programa:

O proceso iniciarase con charlas informativas no Centro Educativo para a presentación da bolsa a cargo de IGAXES ou VIAQUA.

Tras a reunión informativa, facilitarase ao alumnado o Formulario de solicitude do outorgamento dunha bolsa dentro do programa “Novos Talentos”, que incluírá a identificación dos requirimentos para participar no programa.

B. Fase de preselección:

As persoas interesadas deberán enviar a primeira remesa coa documentación inicial indicada no punto 1.4.1, antes da realización das probas ABAU, e no segundo envío de documentación académica (a detallada no punto 1.4.2.) trasladaranse os resultados das probas de selectividade e preinscrición de acceso á universidade.

Serán as propias persoas interesadas en conseguir a bolsa as que realizarán a solicitude no enderezo de correo becasjovenestalentos@viaqua.gal da Dirección de Acción Social de Viaqua.

O período para achegar a documentación da segunda remesa requirida por parte das persoas candidatas do programa de Bolsas "Novos Talentos" para o curso 2023-2024 finaliza o último día de preinscrición universitaria segundo cada Comunidade Autónoma, quedando excluída a documentación recibida a partir desta data.

C. Fase de selección

Unha vez superada a data límite de entrega da documentación, VIAQUA notificaralles (a través do correo electrónico becasjovenestalentos@viaqua.gal) a aquelas persoas participantes que pasasen a fase de preselección a data e lugar da entrevista ante o Tribunal de Resolución. Esta entrevista realizarase de maneira presencial e terá unha duración aproximada de 15 minutos, onde a persoa candidata a ser bolseira expoñerá as súas motivacións persoais, profesionais e educativas.

O Tribunal de Resolución estará configurado por: VIAQUA, Dirección Acción Social Agbar e IGAXES.

² No caso de que a persoa candidata sexa menor de idade a entidade bancaria pode requirir a cotitularidade da conta xunto cunha persoa maior de idade responsable do menor (proxenitores, titor legal).

A resolución seralles comunicada ás persoas seleccionadas mediante o mesmo correo electrónico utilizado para presentar a súa solicitude e no admitirá ningún tipo de recurso.

1.4. Documentación requirida

1.4.1 Primeira remesa de documentación a enviar (desde o momento en que teña dispoñibilidade desta ata o día anterior ao inicio das probas ABAU): 05/06/23.

- Expediente académico: débese acreditar documento expedido por centro educativo / organismo educativo oficial no que consten as cualificacións dos dous cursos de bacharelato ou ciclo formativo.
- Carta de recomendación da Dirección da institución académica (instituto) onde se están finalizando os estudos.
- Curriculum vitae: ten que incluír todos os datos persoais e de contacto (teléfono e enderezo de correo electrónico), así como a experiencia profesional, se a houbese.
- Carta de motivación: debe incluír os motivos para realizar os estudos universitarios solicitados e a necesidade da bolsa para cursalos, ademais do propósito de elección do grao universitario e expectativas de futuro.
- Xustificación situación económica familiar: declaración da Renda do ano anterior presentada (só se ten que achegar a parte relativa aos ingresos, evitando achegar outros datos). Pódese completar con outros documentos oficiais acreditativos de ingresos familiares do ano en curso (por exemplo desemprego, pensión...). Tamén se pode achegar a documentación sobre bolsas concedidas para os estudos de bacharelato ou ciclo formativo.
- Documentación acreditativa en caso de discapacidade.
- Solicitude de bolsa para graos universitarios do Sistema Estatal de bolsas e axudas ao estudo.
- Copia do DNI/NIE do/a candidato/a.

1.4.2 Segunda remesa de documentación (desde o día de publicación das notas ABAU ata a data límite de cada Comunidade Autónoma, para a preinscrición universitaria).

- Cualificacións ABAU do ano en curso.
- Preinscrición/s realizada/s na/s universidade/s. A xustificar mediante o comprobante que emite a aplicación NERTA tras a realización da preinscrición universitaria.

A documentación requirida terá que ser enviada polas persoas interesadas, nas súas dúas remesas, ao correo electrónico becasjovenestalentos@viaqua.gal, indicando no asunto da mensaxe SOLICITUDE BOLSA "NOVOS TALENTOS" VIAQUA.

Esta información será recibida pola Dirección de Acción Social de Agbar.

A Organización resérvase o dereito a solicitar documentación adicional que acredite o anteriormente mencionado ao longo destas Bases, por exemplo referencias profesionais, outros documentos de carácter económico etc.

1.5. Os criterios de outorgamento da Bolsa “Novos Talentos” rexeranse pola seguinte puntuación:

Situación socioeconómica e persoal: ata 45 puntos/100 (valoraranse aspectos como: recursos económicos limitados, responsabilidades familiares, situación de desemprego etc., tanto da persoa solicitante como dos seus proxenitores ou titores). Tómanse como referencia os criterios económicos das bolsas do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Expediente académico e CV: ata 35 puntos/100 (valoraranse aspectos como as cualificacións, a experiencia profesional —se houberse—, os proxectos realizados, o coñecemento de idiomas etc.). De resultar igual a valoración prevalecerá a situación económica.

Motivación persoal: ata 20 puntos/100 (realizarase unha entrevista persoal ante Tribunal de Resolución).

Grao que se vai cursar: 5 puntos adicionais se é un grao STEAM.

Situación de discapacidade recoñecida: 5 puntos adicionais.

1.6. A resolución da concesión das bolsas:

Fixarase nun prazo máximo de 5 días hábiles desde a data en que o Tribunal de Resolución avalíase a todos/as os/as candidatos/as.

O resultado será comunicado a todas as persoas solicitantes da bolsa a través do mesmo enderezo de correo electrónico desde o que enviaron a súa solicitude.

As persoas que resultasen bolseiras deberán enviar a seguinte información ao correo becasjovenestalentos@viaqua.gal.

- Documento asinado de aceptación de condicións da Bolsa establecido no Anexo II (para ser dado de alta no sistema contable de VIAQUA).
- Documento definitivo de matrícula na universidade asignada.
- Certificado da conta bancaria da que é titular ou cotitular a persoa candidata, con sinatura por parte do Representante da entidade bancaria.

1.7. Acompañamento durante o curso universitario:

Unha vez iniciado o curso IGAXES, xunto coa Organización, establecerá a metodoloxía de seguimento, definindo o calendario e a temática de sesións para o acompañamento psicosocial e pedagóxico obrigatorio da persoa bolseira levada a cabo por IGAXES.

Ademais, ao longo do ano universitario, organizarase por parte da Dirección de Acción Social de Agbar un encontro virtual trimestral de todas as persoas bolseiras polo programa “Novos Talentos” coa finalidade de potenciar o seu desenvolvemento motivacional e competencial.

1.8. Procedemento na xestión económica de pagamento de matrícula e gastos asociados:

VIAQUA realizará un pagamento inicial na conta bancaria facilitada pola persoa perceptora da bolsa de MIL CINCOCENTOS EUROS (1.500 €) en concepto de anticipo para o pagamento dos gastos asociados ao grao universitario no momento da matrícula.

Unha vez realizado o pagamento da matrícula e das taxas por parte da persoa bolsreira, esta presentará o xustificante ante a Organización. Recibidos os xustificantes, VIAQUA ingresará a diferenza existente ata chegar á cantidade de 1.500 €, sendo este importe destinado a gastos materiais directos relacionados co estudo.

Dentro destes gastos materiais directos inclúense, co límite cuantitativo anteriormente mencionado, a título de exemplo: gastos de libros, material de escritura, computador portátil ou similar (PC, tablet...), gastos de transporte e axudas de custo, reforzo escolar, reforzo en idiomas ou outra formación complementaria e curricular.

Outros gastos relacionados co estudo e non incluídos na relación anterior terán que ser validados previamente por VIAQUA. Igualmente, calquera gasto superior a 300 € (materiais ou non materiais) debe ser consultado e autorizado previamente por VIAQUA.

Os gastos dos materiais directos relacionados co programa terán que ser xustificados a final de curso por parte das persoas beneficiarias da bolsa, mediante presentación das correspondentes facturas ou xustificantes de pagamento.

No caso de que o/a bolsreiro/a chegue a obter unha bolsa do Ministerio de Educación e Formación Profesional, VIAQUA asumirá a parte da matrícula e taxas que non cubra a dita bolsa. Unha vez a persoa bolsreira obteña a resolución do Ministerio, deberá comunicalo á Organización. En caso de ser denegada, a Organización cubrirá integramente os custos de matrícula e taxas.

Ao finalizar o curso, a parte do anticipo que non se consumiu ou destinado aos gastos directos do curso bolsreiro, terá que ser retornada a VIAQUA mediante transferencia, achegando xustificante desta para o peche económico do ano.

Polo que se refire ao importe da matrícula e as taxas, no caso de que o/a bolsreiro/a chegue a obter unha bolsa do Ministerio de Educación e Formación Profesional, VIAQUA asumirá a parte da matrícula e taxas que non cubra a dita bolsa. Unha vez a persoa bolsreira obteña a resolución do Ministerio, deberá comunicalo á Organización. En caso de ser denegada, a Organización cubrirá integramente os custos de matrícula e taxas.

1.9. Renovación da bolsa para cursos posteriores

Para a renovación da bolsa nos cursos posteriores será imprescindible que a persoa bolsreira aprobe como mínimo a porcentaxe de créditos requiridos dentro do ano académico que corresponda, valorándose por parte de VIAQUA, coa coordinación do programa, a situación de cada alumno/a e a súa continuidade.

Porcentaxes mínimas para renovar a bolsa segundo os estudos (por curso):

- Graos sociais: 80% dos créditos aprobados.

- Graos de arte e humanidades: 80% dos créditos aprobados.
- Graos de ciencias da saúde: 80% dos créditos aprobados.
- Graos de ciencias: 70% dos créditos aprobados.
- Graos de enxeñaría e arquitectura: 70% dos créditos aprobados

Así mesmo, a persoa bolseira deberá cumprir cun grao de participación e asistencia ás sesións individuais e grupais mínima do 100% das convocadas, salvo xustificación.

Para a continuidade no programa, e en caso de ser necesario, deberase actualizar a documentación económica de titularidade de conta bancaria.

Poderase facer un cambio de grao universitario por motivos xustificadas ao finalizar o primeiro ano, con petición xustificada por parte da persoa bolseira, que será valorada e validada por escrito por parte de VIAQUA. En caso de non validación, a persoa perderá o dereito á Bolsa "Novos Talentos".

1.10. VIAQUA resérvase o dereito de modificar e anular estas Bases sen previo aviso, se non hai suficientes candidaturas ou as candidaturas non se axustan ás condicións establecidas, comunicándolle no seu caso ás persoas candidatas.

1.11. O feito de presentar a solicitude no programa de Bolsas "Novos Talentos" supón a aceptación destas Bases.

1.12 Información en materia de protección de datos persoais

- Responsable do tratamento e finalidade do tratamento dos datos.

Os datos das persoas que soliciten participar no programa de Bolsas "Novos Talentos" serán tratados por VIAQUA, con NIF A-66141185, e Agbar SLU, con NIF B-63152664 (e no seu lugar, a Dirección de Acción Social do Grupo Agbar), coa finalidade de xestionar o proceso de selección de beneficiarios das bolsas e outorgamento destas nos termos e condicións indicados nas Bases do Programa, así como para aboar as cantidades correspondentes á axuda concedida e realizar un seguimento e avaliación do desempeño do alumno durante o período ao que se refire a bolsa concedida. As partes actuarán como corresponsables do tratamento.

Os Corresponsables determinaron conxuntamente os obxectivos e os medios do tratamento dos datos persoais das persoas participantes no Programa e regularon nun acordo as súas respectivas responsabilidades no cumprimento das obrigas en materia de protección de datos no marco deste Programa.

- Categorías de datos tratadas.

Trataranse as seguintes categorías de datos:

- Identificativos (nome, apelidos, DNI) e de contacto para notificacións (e-mail).
- Económicos: renda familiar, conta bancaria.

- Formación e experiencia profesional: CV. Cualificacións.
- Carta de recomendación da Dirección do centro educativo.
- Carta de motivación do interesado.
- Xustificación da situación económica familiar: situación de vulnerabilidade ou de desemprego familiar.
- Datos de categoría especial: discapacidade.
- Seguimento do desempeño do estudante: cualificacións.
- Valoración positiva do gabinete de acompañamento psicosocial.

No caso de que os datos achegados pertencen a terceiros, quen os achega garante que informou a estes terceiros desta política de privacidade e que obtivo autorización para facilitar os seus datos aos Corresponsables para as finalidades sinaladas. Igualmente, garante que os datos achegados son exactos e actualizados, sendo responsable de calquera dano ou prexuízo, directo ou indirecto, que puidese ocasionar a consecuencia do incumprimento desta obriga.

- **Base lexitimadora.**

A base lexitimadora do tratamento é a execución dun contrato que se materializa coa presentación polo interesado da súa solicitude para participar no Programa.

- **Acceso a datos por terceiros.**

Os Corresponsables utilizan prestadores de servizos para a realización dalgunhas tarefas, tales como provedores de servizos tecnolóxicos.

Agbar SLU contratou os servizos de Escuela del Agua (empresa AQUA DEVELOPMENT NETWORK, S.A., con NIF A-85788065) para a realización de labores académicos e administrativos. VIAQUA contratou os servizos de IGAXES para a realización de determinadas tarefas na fase de preselección e selección, así como realizar o acompañamento psicosocial e pedagóxico do alumnado bolseiro. A entidade social compartirá a súa valoración cos corresponsables.

Estes prestadores de servizos actúan como encargados do tratamento e poden cambiar ao longo do tempo. En todo caso, os Corresponsables garanten, a través da firma de acordos, que estes encargados cumpren con medidas de seguridade apropiadas e que seguen as súas instrucións no tratamento dos datos persoais aos que acceden.

Algúns dos provedores están localizados en países situados fóra do Espazo Económico Europeo (EEE) ou, estando situadas en EEE, comparten a información con outras entidades situadas fóra deste territorio. Os Corresponsables garanten que:

- As transferencias realizaranse a países respecto dos que a Comisión Europea declarou que proporcionan un nivel de protección equiparable ao europeo.
- En ausencia desta declaración de adecuación, asináronse as Cláusulas Contractuais Tipo aprobadas pola Comisión.

- **Destinatarios dos datos.**

Realízase unha comunicación á entidade bancaria para efectuar o correspondente ingreso na conta indicada polo bolseiro, do importe que corresponda en concepto da bolsa para "Novos Talentos".

Esta comunicación é necesaria para a correcta execución das Bases do Programa.

- **Prazo de conservación dos datos.**

Os datos persoais serán tratados mentres sexa necesario para o cumprimento das finalidades descritas. Cando finalice o programa, os datos conservaranse bloqueados durante o período en que se poidan derivar responsabilidades legais. Cando expiren estas responsabilidades, os datos persoais serán eliminados definitivamente.

- **Medidas de seguridade para a protección de datos.**

Implantáronse medidas técnicas e organizativas adecuadas para garantir a seguridade dos datos e evitar a súa destrución, perda, acceso ilícito ou alteración ilícita. Á hora de determinar estas medidas, tivéronse en conta criterios como o alcance, o contexto e as finalidades do tratamento, o estado da técnica e os riscos existentes.

- **Exercicio de dereitos.**

A Lei recoñécelles aos interesados os seguintes dereitos en materia de protección de datos:

- Acceso: dereito a saber que datos se tratan e para que.
- Rectificación: dereito a modificar os datos que sexan inexactos ou incompletos.
- Supresión: dereito a solicitar que se eliminen os datos persoais.
- Oposición: opoñerse ao tratamento dos datos persoais en determinados supostos.
- Limitación do tratamento: solicitar a limitación ao tratamento dos datos en determinados supostos.
- Portabilidade: dereito a solicitar que se lle faciliten, en formato electrónico, os datos persoais, así como a transmitilos a outro Responsable do Tratamento.

Ademais, para os tratamentos para os que se outorgou consentimento, o interesado poderá retiralo en calquera momento.

- **Contacto para o exercicio de dereitos.**

Os Corresponsables acordaron establecer como enderezo de correo único para o exercicio dos dereitos a do DPO de AGBAR SLU: dpo.es@agbar.es. O solicitante deberá estar suficientemente identificado na solicitude. Cando se teñan dúbidas razoables sobre a identidade do solicitante, poderáselle solicitar que facilite a información adicional necesaria para confirmar a identidade.

- **Autoridade de control**

A Autoridade de control en materia de protección de datos a estes efectos será a Axencia Española de Protección de datos (www.aepd.es).